




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Miño. Parroquia: Santa María de Castro, ocupa a parte N; Santa María de Miño, as partes oeste, sur e este; San Salvador de Leiro unha pequena zona do noreste; e Santo Tomé de Bemantes unha esquina no extremo oriental. Extensión: 3,48km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de pequeno esteiro, de desembocadura fluvial, a do Río Baxoi. Nunha chaira costeira, antigo val fluvial inundado, aséntanse as marismas e chairas intermareais, perfectamente encaixadas en elevacións que acadan os 150m de altitude. Confórmase así unha unidade encaixada e ben delimitada, bifurcada na súa parte oriental pola presenza de dous leitos, o propio Río Baxoi ao norte e o Río Grande ao sur. Inclúe o EIX Marismas do río Baxoi.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", con rochas metamórficas de xistos de idade precámbrico-silúrica. O sector central está atravesado, de N a S por unha banda de cuarcitas grafitosas. O Cuaternario aparece en depósitos intermareais, de marisma e de duna.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. No tocante ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1200mm e sen chegar a baixar de 1000mm ao ano.

#### OS SOLOS

Nesta unidade desenvólvense fluvisóis tiónicos nas extensas marismas e a chaira intermareal, así como arenosos baixo o cordón de dunas da frecha da Praia Grande. Se ben as vertentes baixas conteñen cambisóis eútricos, nas altas aparecen solos menos evolucionados tipo umbrisol dístrico. Por último, na depresión tras as marismas, a intensa hidromorfia prolongada xerou gleisóis.


#### AS AUGAS

Rede fluvial xerarquizada en torno ao curso baixo do Río Baxoi. Describe un trazado sinuoso na desembocadura dando lugar a un esteiro no que tamén desauga o Río Grande, o seu principal tributario pola marxe esquerda. A unidade verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de esteiro na que na fronte costeira destacan os hábitats 1110 e 1140, definidores das chairas intermareais lamacentas e areosas intermareais e submareais, na desembocadura do río Baxoi. As propias gándaras do río Baxoi conteñen unha extensión notable de marismas, grupo 13 de hábitats de interese comunitario. A frecha areosa da Praia Grande de Miño achega dunas do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Aínda sendo un espazo bastante transformado, as áreas hidromorfas traseiras ás marismas posibilitan a conservación de masas ripícolas-26ha de masa continua que segue máis alá da unidade cara ao pre-litoral e incluso fóra do ámbito do POL-. Este bosque constitúe un interesante corredor verde ecolóxico. Nel aparecen tamén áreas de prados hidromorfos do hábitat 6420, prados húmidos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, prados de megaforbios eutrofos higrófilos.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O uso máis relevante da unidade é o turístico asociado ao sistema da praia de Area Grande de Miño. Os montes que delimitan o fondo paisaxístico están cubertos con bosque mixto de repoboación nas súas cotas máis altas, aparecendo nas ladeiras os vestixios do que foi unha paisaxe agrícola intensamente traballada, onde se atopan tamén os fenómenos de urbanización de tipo residencial e se desenvolven as infraestruturas de comunicación.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo máis importante desta unidade, Bañobre, está situado a media ladeira do Monte do Castro aproximadamente a 40 metros sobre o nivel do mar, e mantén as características tradicionais do asentamento orixinal. Déronse, no entanto, fenómenos de urbanización dispersa no extremo sur da Praia Grande, con residencias vinculadas á explotación turística da praia que continúan o crecemento urbano de Miño, e no límite noroeste da Marisma de Baxoi, fundamentalmente vivenda unifamiliar illada.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada nacional N-651 (Ferrol-A Coruña) atravesa a unidade polo bordo sur da Marisma de Baxoi, adaptándose ao terreo e evitando a formación de marisma. Os camiños tradicionais, apoiados na trama parcelaria agrícola, tamén respectan as características do terreo. Posteriormente executouse a C-4803 sobre o complexo de dunas da Praia Grande (unindo o núcleo Miño coa marxe norte da Marisma) e o resto de perfil costeiro cara ao norte; e a autoestrada AP-9 (Ferrol-Vigo), que cruza a unidade de norte a sur atravesando a Marisma cun viaduto, xerando un nó de ligazón na marxe meridional desta. O ferrocarril (liña Betanzos-Ferrol) atravesa o territorio de norte a sur cunha traza sensiblemente paralela á autoestrada AP-9, cruzando a Marisma mediante un paso á mesma cota, que só no seu extremo norte se converte en ponte que permite o paso da auga.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

No extremo norte da unidade, no núcleo de Castro, existen restos arqueolóxicos sobre os que se levantou a igrexa de Santa María. En canto a patrimonio cultural construído, o núcleo de Bañobre contén varias pezas salientables, entre as que destaca o Pazo de Bañobre, orixinario da metade do s XVI e historicamente pertencente á familia dos Varela de Castro, cunha capela de estilo románico na mesma leira. Outras construcións de valor arquitectónico e etnográfico son o Pazo de San Paio (ou dos Condes de Vigo), a Casa Reitoral de Santa María de Castro, a Capela de San Paio ou a Casa dos Amado en Bañobre. Esta unidade conta cun tramo do Camiño Inglés de Santiago. Itinerario de Interese Cultural.



### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística caracterízase polo seu carácter de estuario, cun complexo intermareal praia-duna-marisma encadrado por un fondo escénico de montes (de cota máxima 175 metros) no cal se desenvolveu tradicionalmente unha intensa actividade agraria. Actualmente, os procesos de conexión territorial (coa aparición de grandes infraestruturas de escala territorial) e as novas formas de asentamento que estes permiten introduciron cambios na organización da paisaxe, que agora se presenta máis fragmentada e cun proceso de urbanización difusa.

### DINÁMICA DA PAISAXE

O territorio desta unidade viuse sempre fortemente influenciado pola presenza da Marisma de Baxoi, elemento de especial valor ecolóxico e paisaxístico e que condicionou tanto a estrutura agraria como as relacións viarias entre os diferentes núcleos tradicionais, e entre estes e a cabeza municipal. Deste xeito, xerouse unha paisaxe agrícola intensamente traballada cunha presenza moi escasa de masas arbóreas, a excepción do monte que delimita a unidade polo sueste. O progresivo abandono das actividades agrarias foi ampliando as zonas forestais e permitindo que se recuperase certa vexetación de ribeira vinculada á Marisma (especialmente na parte máis interior), á vez que aparecían no territorio novas infraestruturas que necesitaban grandes superficies de solo e cunha forte presenza na paisaxe. As posibilidades de conexión que permiten estas infraestruturas, unidas aos novos usos turísticos que se asignan á Praia Grande, propiciaron novos patróns de asentamento, favorecendo a aparición dunha urbanización dispersa en enclaves tradicionalmente excluídos do desenvolvemento urbano.


### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe da Marisma de Baxoi permite unha lectura unitaria e coherente grazas á potencia do conxunto intermareal praia-duna-marisma, clasificado como Espazo de Interese xeomorfolóxico, e os límites escénicos que supoñen os montes do leste. Destacan especialmente os valores naturais das formacións presentes, que ademais outorgan unha elevada diversidade cromática e de texturas grazas á secuencia establecida coa lámina de auga do estuario, os bancos lamacentos, os bancos areosos e o cromatismo da formación boscosa de ribeira que acompaña e marca o corredor ecolóxico do río Baxoi. As partes máis afastadas do litoral, como o núcleo de Bañobre e as terras de cultivo, son os que mellor conservan os modelos tradicionais de ocupación do territorio.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







1. Crecemento entre o Monte Piñeiro e a praia Grande, que responde a un desenvolvemento basicamente residencial sen funcionalidade urbana, co obxectivo de integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e a marisma e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental destes lugares. 2. Crecemento lineal de carácter residencial entre o trazado ferroviario e a Marisma de Baxoi, sen funcionalidade urbana ou rural, co obxecto de minimizar a presión sobre a marisma, integrar paisaxisticamente as infraestruturas e mellorar a calidade a calidade escénica e ambiental destes lugares.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

#### Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
<b>Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral</b>
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
<b>Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico</b>
Toponimia de portos / Toponimia de puertos











#### Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m

#### Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
 Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
 Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





